



RESOLUCIÓN DE RECOÑECIMENTO DE INTERESE SANITARIO

Expediente núm.: SA301A2017/9-3

Asunto: Concesión do interese sanitario

Interesada/o: COMPOSTELA CONGRESOS SL

Data de iniciación: 1 de decembro de 2017

Procedemento: SA301A (Recoñecemento de Interese Sanitario)

Forma de inicio: Solicitud de interesado

ANTECEDENTES

1. Raul Alejandro García Lorenzo en calidade de representante de COMPOSTELA CONGRESOS SL, solicitou o recoñecemento de interese sanitario para a celebración do curso "LXVIII CONGRESO DE LA SOPEGA"
2. COMPOSTELA CONGRESOS SL é a entidade organizadora da actividade.
3. O curso desenvolverase durante os días 1 e 2 de decembro do 2017 no Centro Cultural "Marcos Valcárcel" de Ourense

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

- 1 Esta xefatura territorial é competente para coñecer e decidir sobre a cuestión proposta de conformidade co disposto no artigo 7 da orde do 27 de decembro de 2016, pola que se regula o recoñecemento de interese sanitario para actos de carácter científico destinados a promover o estudo, difusión, formación e especialización das ciencias e técnicas relacionadas coa saúde (DOG Núm. 6, do 10 de xaneiro de 2017).
2. A documentación presentada cumpre os requisitos establecidos na dita orde.

De acordo con todo o indicado RESOLVO:

Outorgar o recoñecemento de interese sanitario á dita actividade.

Contra a presente resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer no prazo dun mes recurso de alzada ante o conselleiro de Sanidade.

Mediante este documento notifícaselle ao interesado esta resolución segundo o esixido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Ourense, 10 de xullo de 2017
A xefa territorial

María Villar Suárez

